



Outubro 2006

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Viño

As denuncias do SLG paralizan unha fraude con viños de mesa

Grazas ás denuncias do Sindicato Labrego, a cadea de supermercados Familia tivo que retirar dos andeis varias marcas de viños de mesa que estaban sendo vendidas como produtos galegos, cando neste tipo de caldos está prohibido indicar a procedencia. Esta fraude minguaba as posibilidades comerciais das DOs. **Páx. 7**

■ Aldea Global

Un exemplo a non seguir: a gandería industrial dos EEUU

A secretaria xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, viaxou no mes de setembro a Estados Unidos cunha delegación da CPE. O obxectivo era coñecer de preto o modelo de gandería industrial que se está impoñendo neste país, e a impresión que ficou non foi nada boa. **Páx. 11**

■ Agroecoloxía

Sabor agridoce coa versión andaluza do programa RAFAEL

Un grupo de afiliados e afiliadas do SLG visitou as experiencias do programa RAFAEL (Renacemento dos alimentos xenuíños e dos vínculos económicos da área atlántica) en Andalucía, e descubriron empresas que pouco teñen que ver coas intencións reais da iniciativa. **Páx. 12**



Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

O abandono do medio rural e a actitude anómala das cuadrillas tralos incendios

■ O SLG denunciou diante da Comisión parlamentaria do lume as políticas de desmantelamento do rural dos últimos anos como principal causa da proliferación de incendios.

■ Por primeira vez, este ano houbo un comportamento anómalo das cuadrillas de extinción, e as zonas urbanas máis poboadas de Galiza como obxectivo dos incendiarios. **Páxs. 2 e 3**



Marea humana contra as intencións do Ministerio de esganar ao leite galego

Semella que a nosa Ministra galega en Madrid, Elena Espinosa, teima en poñerlle as cousas aínda máis difíciles ao sector leiteiro galego. O plan ministerial para distribuír a cota abandonada está deseñado para que as grandes explotacións medren aínda

máis e, especialmente, para que Galiza fique estancada coa asignación de dereitos que ten, que fai que a capacidade produtiva das súas explotacións estea por baixo da media estatal. Todo un plan feito ás costas e en contra do 55% do sector. **Páxs. 4 e 5**



Os temporais volven cebarse cos invernadoiros de flor e horta

O furacán Gordon deixouse sentir especialmente nos sectores de flor e de horta, onde se levou por diante moitos invernadoiros. Só na zona norte da Coruña, estragou máis da metade. O desastre acontece nun sector que aínda

non se recuperara dos temporais do mes de marzo. Isto aconteceu nun contexto no que a seca e o cambio climático están a causar moitas perdas en diversos sectores. De todo isto xa falou o SLG con Medio Rural. **Páx. 6**

Discriminación das labregas nas primas á incorporación de cónxuxes

A Secretaría das Mulleres do S LG valorou de xeito moi positivo a decisión de Medio Rural de apoiar a incorporación d@s cónxuxes nas explotacións familiares mediante a constitución de sociedades, pois esta medida permite

ás labregas acceder a cotitularidade real das explotacións onde traballan. Nembargante, tivo que denunciar a desigualdade que padecerán as labregas no que se refire ao reparto das contías destas subvencións. **Páx. 13**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Ramón

Barreiro, Lidia Senra, Xabier

Gómez Santiso, Antonio

Ferreiro, Marcos Louzao,

Manuel da Cal, e Isabel

Vilalba.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tif: 981 580449

Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88

**SINDICATO
LABREGO
GALEGO**

COMISIÓN
LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO- Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tif. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tifno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALLÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tifno. 629 621 047

As políticas agrarias dos últimos anos son a causa dos incendios

O abandono masivo do medio rural e a explotación forestal absentista sentan as bases da cultura do lume

Entre o 4 e o 14 de agosto, arderon 77.000 hectáreas en Galiza. Trala catástrofe, moita xente aínda se pregunta polas causas deste aumento dos incendios. Neste marco habería que encadrar a creación dunha Comisión de estu-

do dos incendios forestais no Parlamento de Galiza, diante da cal comparecía o Sindicato Labrego o pasado 27 de setembro. A intervención correu a cargo da compañeira Carme Freire, membro da Executiva.

O SLG apuntou como causa profunda e básica da proliferación de incendios no noso país as políticas desenvolvidas nos últimos anos polos gobernos autonómico e central, e promovidas pola Unión Europea, destinadas a provocar o abandono máis absoluto do noso medio rural como espazo xerador de riqueza de todo tipo pero, basicamente, como produtor de alimentos para a sociedade. Esta política aplicada de abandono de toda actividade agropecuaria que non fose a de producir madeira para pasta ou trituração, ou a forestación das mellores terras agrarias do noso país, tiveron como consecuencia o abandono masivo do noso agro, e explica a vaga de lumes que padecemos este verán.



Carme Freire foi a encargada de expoñer a posición do SLG sobre o lume diante do Parlamento

O Sindicato Labrego pide que se investigue o comportamento anómalo das cuadrillas

En canto aos factores puntuais que influíron nos incendios forestais de agosto, o Sindicato Labrego denunciou a pasividade de moitas brigadas contra incendios no que cualificou como un "comportamento anormal". Neste senso, citáronse exemplos de brigadas que ficaban nas tabernas ou nos vehículos mentres ardía o monte, sen facer nada; a escusa que poñían era que estaban agardando ordes dos cargos da Consellaría e que, polo tanto, non estaban a ser coordinados axeitadamente.

Outro problema en relación coas brigadas foi que non deixaban colaborar nos labores de extinción á veciñanza. Ademais, o meirande das cuadrillas tiñan un método ben peculiar de combater os incendios: deixaban que ardese todo ata que as lapas chega-

ban a algún camiño ou cortalumes natural, a pesares de que moitas veces se puideron ter extinguido moito antes. De feito, houbo casos en que os veciños conseguiron sufocar as o incendio a pesares da prohibición de facelo imposta polos gardas forestais. Por mor disto, ardeu moita superficie que non debería ter ardido.

Diante destes feitos, o Sindicato Labrego pediu que a Consellaría de Medio Rural inicie unha investigación centrada no comportamento das brigadas para depurar responsabilidades neste cambio de actitude á hora de apagar o lume. Tamén polo mesmo, a organización agraria reclamou que as investigacións policiais e xudiciais cheguen ata o final para dilucidar, dunha vez por todas, que intereses hai tras desta lacra incendiaria.

Ademais, o SLG tamén



Houbo brigadas de extinción que tiveron unha actitude pasiva de máis cando cumpría sufocar os incendios

propuxo que, a partir de agora, se conte máis coa veciñanza na prevención e extinción dos incendios; neste senso, deberían asinarse convenios de colaboración

entre a Medio Rural e as comunidades de montes para crear cuadrillas que traballen todo o ano na limpeza e de posta en valor dos espazos mancomunados.

**Actuacións a
curto prazo****As propostas do SLG para
rematar coa lacra do lume****Actuacións de
cara ao futuro**

O Sindicato Labrego agrupou en oito as medidas inmediatas que debería tomar a Administración para facer fronte á vaga de incendios:

1. Acordo entre as partes implicadas para acadar un prezo xusto para a madeira queimada.
2. Compensacións para aquelas comunidades de montes afectadas que tiñan previsto vender madeira verde.
3. As axudas deberían cubrir os danos reais ocasionados polo lume, o lucro cesante nas actividades agropecuarias, e o peche das fincas danadas para recuperar as superficies forraxeiras, prestando especial atención ás pequenas explotacións para que non peche ningunha.
4. Permitir que as terras afectadas polo lume que se viñan incluíndo na declaración de superficie das axudas da Política Agraria Común (PAC) se poidan seguir declarando.
5. Medidas de apoio á limpeza de montes, fomentando o traballo durante o inverno e o asociacionismo nas propiedades particulares.
6. Compromiso das administracións competentes para limpar de broza as pistas e os cortalumes, así como os puntos de recollida de auga e o acceso aos mesmos.
7. Prohibición de forestar máis terras agrarias, incluíndo as leiras que tiñan plantadas árbores e arderon este ano.
8. Convocar ao Consello Forestal de Galiza para deseñar a política de montes que precisa o noso país.



En canto ás actuacións contra o lume, vistas a máis longo prazo, as propostas do Sindicato Labrego foron catro:

1. Creación na Consellaría de Medio Rural dun organismo que centre a súa xestión nos montes veciñais e de man común, pois son as terras que están en mellores condicións para levar adiante a nova política de montes que precisa o noso país.
2. Antes de iniciar a reforestación, debería realizarse unha ordenación do territorio e unha orientación dos cultivos no monte galego dende un punto de vista de diversidade produtiva, compatibilizando todos os aproveitamentos posibles.
3. Nos casos de montes particulares queimados, cómpre implicar á veciñanza na súa recuperación, propiciando o asociacionismo; e realizar proxectos de ordenación e xestión desas propiedades.
4. En canto aos montes veciñais, debe deseñarse un plano de recuperación en consenso coas comunidades, que debería contemplar aspectos como: definir as zonas onde se pode forestar e nas que non, definir que especies se poden plantar, definir que espazos se destinan á explotación silvopastoril, e apoiar os proxectos que non sexan só forestais.

Galiza non é a única que sofre o efecto devastador do monocultivo de eucalipto para as celulosas

As consecuencias do “deserto verde”

Sen dúbida, o monocultivo de eucaliptos que sufriu o noso país nas últimas décadas ten moito que ver co abandono do rural e coa proliferación de incendios. Ademais, este tipo de ex-

plotación forestal sen control provoca grandes danos ecolóxicos, usurpa a base territorial das explotacións ao ocupar terras de uso agrario, e pon en perigo a vida da xente ao chegar as ár-

bres ata a beira das casas. Estes males tamén os están a padecer no Brasil, onde as industrias papeleiras pretenden plantar seis millóns de hectáreas deste “deserto verde”.

Galiza foi una das etapas na viaxe de dúas labregas pertencentes ao movemento dos Sem Terra e a Mulheres Camponesas: Elisabeth e Adriana. Antes, pasaran por Finlandia, Noruega e Suecia para denunciar a destrución do seu medio de vida polos cultivos masivos de eucalipto promovidos polas industrias papeleiras destes países nórdicos (ver Fouce 243 “As labregas brasileiras decláranlle a guerra á invasión de eucaliptos”).

O panorama que pintan mete medo. Segundo nos comentou Adriana, no Brasil xa hai 300.000 hectáreas de eucalipto plantadas; as previsións é que sexan un millón no 2007, e se chegue a seis millóns no 2012. E todo en mans de tres grandes empresas; unha delas, Aracruz Celulosa, ten entre os seus accionistas a membros da familia real norueguesa. Das outras dúas, unha é de capital sueco finlandés, e a outra brasileira.



Sem Terra e Mulheres Camponesas denunciaron co SLG as consecuencias da eucaliptización

Os impactos deste monocultivo son moitos. Elisabeth explicounos que, do mesmo xeito que na Galiza, no seu país desenvólven a parte máis contaminante e menos beneficiosa no proceso da fabricación do papel. De feito, Brasil nin sequera se

beneficia dos impostos, pois existe unha lei que exige de pagar taxas aos produtos para exportar, e o 97% da celulosa que sae destas industrias vai, precisamente, para o estranxeiro, polo que non paga nin un céntimo ao Estado.

O que si deixa tras súa o monocultivo de eucalipto é un ronsel de devastación, un “deserto verde”. Só no estado de Espírito Santo, as plantacións desta árbore fixeron desaparecer 400 especies de aves e 40 especies de mamíferos. Ademais, es-

tas tres empresas están a contaminar as augas con dióxido de cloro, utilizado no proceso de branqueado. Lonxe de crear riqueza, o monocultivo de eucalipto usurpou as súas terras a grandes masas de labregos e labregas, e de comunidades indíxenas, que agora sobreviven sen traballo nas favelas das grandes cidades. Segundo os cálculos dos Sem Terra, cada 147 hectáreas de eucalipto producen un posto de traballo, cando só cinco hectáreas dedicadas a labores labregos proporcionan entre catro e cinco empregos.

Unha cifra máis que dá que pensar. En Brasil, 32 millóns de persoas pasan fame. Nembargante, o goberno, en troques de promover a produción de alimentos, segue teimando nunha política agraria orientada á exportación e baseada no monocultivo: eucalipto, cana de azucre, café, soia, etcétera. E, como ben dixo Adriana, os eucaliptos non se comen.

Editorial

Plano leiteiro: o Ministerio de Agricultura contra Galiza

O Ministerio de Agricultura decidiu este ano facer un plan leiteiro para gañar unha presa de votos en varias comunidades autónomas que van ter eleccións, e fíxoo en troques levar adiante un proxecto de futuro para o sector. Esta é a conclusión que podería tirar calquera persoa que observase atentamente o desenvolvemento dos acontecementos. Ademais, así ven sendo desde o mesmo momento en que comezou a campaña.

Os gandeiros e gandeiras de Galiza tivemos que recorrer de novo ás mobilizacións para tentar frear a desfeita que vai supor o plan argallado polo Ministerio. Fomos máis de tres mil persoas as que percorreron as rúas d'A Coruña, o pasado 20 de setembro, en demanda dun plan leiteiro que sirva para avanzar, e para opornos á teima do Ministerio de Agricultura, e da súa titular, Elena Espinosa, de pechar máis explotacións.

O 20 de setembro, o sector leiteiro galego demostrou ter claro o que quere. A dúbida é se á xente que dirixe o Ministerio lle preocupan os produtores e produtoras de leite ou non. A dúbida está, como dicíamos ao comezo, en se o Ministerio de Agricultura pensa en defender o futuro do sector produtor, ou se máis ben está cavilando en como rabuñar uns cantos votos nas vindeiras eleccións autonómicas, que se celebrarán en varias comunidades do Estado. Se o Ministerio fai isto último, venderalles a esas comunidades que non han perder cota co plano, pero tamén demostrará que non lle preocupa o máis mínimo o futuro produtivo do sector leiteiro nestas autonomías.

O ano pasado, o Ministerio ofreceunos un plan lóxico de reparto de cota, dando prioridade ás explotacións que máis a necesitaban. En Galiza, distribuíuse esa cota entre unhas 8.000 explotacións. Daquela, pareceunos que se utilizaba un bo criterio de reparto, aínda que tiña o problema de que había que seguir gastando cartos en mer-

car dereitos, feito que impediu que este ano moitas explotacións puidesen volver acceder a ela por non poder facer un novo investimento. Pero este ano, todas as promesas e todas as esperanzas víronse truncadas por unha proposta de lexislación contraria ao sentido común: o Ministerio de Agricultura quere distribuír cota nas comunidades que levan anos demostrando que teñen vocación de abandono; e quere deixar sen dereitos a Galiza, a única comunidade con vocación sistemática de incremento produtivo. Isto non é nada casual, xa que ás explotacións galegas nunca se lles deu conseguido un mínimo dimensionamento, a pesares de levar moitas "reconversiones" feitas e pagadas polo propio sector; e a pesares de eliminar ducias de miles de explotacións. Semella que, para o Ministerio, Galiza xa debeu acadar ese nivel de "competitividade" do que nos falan sempre; ou, se cadra, simplemente decidiron en Madrid que debemos desaparecer.

"Dende aquí queremos seguir denunciando a vileza dun Ministerio que está sentenciando ao sector leiteiro de Galiza a non poder seguir consolidándose".

Hai un dato curioso na actual campaña: empezamos reducindo a produción no primeiro mes nun 3 % no Estado; e no verán xa íamos nun 4 % de redución. A este

paso, os iluminados do Ministerio de Agricultura acabarán buscando quen muxa vacas para cubrir a cota do estado. Iso si, en Galiza seguiremos sen cota suficiente na maioría das explotacións.

Dende aquí queremos seguir denunciando a vileza dun Ministerio que está sentenciando ao sector leiteiro de Galiza a non poder seguir consolidándose. A cota deste ano vai quedar nas comunidades onde se abandonou, a pesares de que haxa algunhas cun sector leiteiro con menos de medio cento de explotacións, é dicir, cunha importancia social totalmente desprezable.

Será esta a solidariedade entre territorios que seica consagra a Constitución Española? Isto non é solidariedade; pola contra, o plano leiteiro do Ministerio trata a explotacións iguais de xeito diferente en función dos territorios onde estean e, polo tanto, comete unha grave discriminación contra as comunidades que teñen máis explotacións e máis pequenas. E isto en beneficio das comunidades que teñen menos explotacións e máis grandes. Non nos enganemos entón a nós mesm@s: estase definindo un modelo de explotación a consolidar, e non é a nosa. Estase apostando outra vez por unha produción totalmente intensiva en réximes industriais ou semiindustriais, e estase a desfacer o pouco que queda de sector leiteiro tradicional.

Polo tanto, as nosas reivindicacións do 20 de setembro están totalmente lexitimadas e apuntan nunha clara dirección: señora Ministra, déixese de marear a perdiz con lexislacións diverxentes entre si cada ano, e aposte dunha vez por todas polo que

aínda nos queda. Defendamos que ningunha explotación teña que pechar contra a súa vontade, e que todas e todos @s que queiran seguir producindo leite poidan facelo, e poidan vivir deste traballo dignamente. Este é o noso dereito, e isto é o que queremos para os produtores e produtoras de leite de Galiza e do resto do Estado.



Marea humana contra as intencións do Ministerio de esganar ao leite galego

Máis de 3.000 persoas ante a delegación do Goberno para esixir un plano leiteiro xusto con Galiza

O 20 de setembro, o leite galego volveu ser riada polas rúas d'A Coruña. Máis de 3.000 persoas apoiaron a manifestación unitaria -convocada polos tres sindicatos agrarios e secundada

pola Asociación Galega de Cooperativas (Agaca)- para protestar contra o plano leiteiro do Ministerio de Agricultura. E iso que a seca adiantou a época de ensilado e moita xente tivo que

quedar nas explotacións. O esforzo de quen asistiu estivo máis que xustificado pois, de aplicárense as directrices da ministra "galega", a capacidade produtiva do noso leite ficaría esganada.

Na súa intervención diante do edificio da delegación do Goberno en Galiza, a secretaria xeral do Sindicato Labrego explicou con cifras o que supón este plan leiteiro. O ano pasado, o Ministerio repartiu os dereitos de produción abandonados entre as explotacións prioritarias do Estado, que eran, sobre todo, as que estaban por baixo da cota media estatal. Desta maneira, en Galiza abandonáronse 22.400 toneladas de cota, e 8.000 explotacións tiveron dereito a adquirir 154.000 toneladas.

Este ano, o Ministerio de Agricultura pretende que o 80% dos dereitos abandonados fiquen na comunidade autónoma de orixe, e que só o 20% se reparta entre as explotacións prioritarias do Estado.

Se aplicásemos estas proporcións coas cifras do ano pasado, teríamos dereito ao 80% dos dereitos abandonados no noso país, é dicir, que esas 8.000 explotacións deberían apañarse só con 17.600 toneladas. Serían 2.200 litros por explotación, unha miseria que nada soluciona e deixa a Galiza estancada nunha situación inxusta que arrastra dende que se impuxo o sistema da cota leiteira.

Galiza segue por baixo da media estatal

O Ministerio de Agricultura argumentou a favor do seu plan que o ano pasado só beneficiou a Galiza. Lidia Senra foi tallante: "Iso é falso. O plan do ano pasado beneficiou ás explotacións de todo o Estado que tiñan máis dificultades para acceder á cota. De feito, o 80% das explotacións galegas estaban o ano pasado por baixo da media estatal e, este ano, despois do reparto, seguimos co 80% das explotacións por baixo da media. Esa é a realidade, e o demais é propaganda".



A manifestación paralizou por uns intreiros as rúas coruñesas, para rematar xunto ao edificio da delegación do Goberno

Un plano en contra de todas as explotacións familiares do Estado

Outra das razóns esgrimidas por Lidia Senra contra o plan leiteiro do Ministerio foi que, de levarse adiante, farase co 55% do sector en contra, pois ese é o peso das nosas explotacións no conxunto do Estado. E esa sería só unha das partes prexudicadas, pois, segundo a secretaria xeral do SLG "prexudica tamén ás explotacións familiares de todo o Estado e, en especial, ás da Cornixa Cantábrica".

Dende ese punto de vista, é falso cando Elena Espinosa afirma que só unha comunidade está en contra do plan e dezaseis a favor. Senra puxo como exemplo que, cambiando de sector, as pretensións da ministra co leite equivalen a facer un plan para o aceite sen contar coa opinión de Andalucía. Neste senso, a secretaria xeral do SLG reclamou xustiza, e "ser

considerados á hora de marcar a política leiteira do Estado. Para iso somos o 55%. Nós non imos votar nin decidir cal é a política que se vai facer co aceite, pero temos dereito a que se nos respecte e se nos considere na política leiteira".

Finalmente, Lidia Senra encadrou as demandas do Sindicato Labrego nunha reivindicación xeral para que as explotacións leiteiras que continúan activas no noso país sexan viábeis, tanto dende o punto de vista da súa cota produtiva, como duns prezos xustos para o produto do seu traballo. Así, lembrou aos gandeiros e gandeiras asistentes que, en breve, poderían ser convocados de novo á loita para reclamar un valor digno para o leite. Tamén defendeu a reserva estatal leiteira, pois "este plan vai no camiño de abandonala".



Lidia Senra falou ante miles de asistentes en nome do Sindicato Labrego

O Gordon estraga máis da metade dos invernadoiros do norte da Coruña

A maiores, as altas temperaturas e a seca causaron contiosas perdas no meirande das comarcas galegas

Nos últimos anos vimos asistindo a uns cambios no clima que baten de cheo coas actividades agropecuarias, tan pendentes do calendario para facer un ou outro labor. Así, Galiza sufriu no verán abondosos danos pola seca e, hai nada, grandes estragos polo furacán Gordon. Tanto nun caso coma no outro, as explotacións atópanse desamparadas polo imprevisíbel destes eventos, e faltas de apoios pola inexistencia de axudas na Administración. Por iso, o SLG reuniuse ao máis alto nivel para denunciar estes problemas e demandar solucións sen demora.

O paso do furacán Gordon por Galiza causou, o pasado 21 de setembro, graves danos nas explotacións de horta e flor das comarcas de Bergantiños, As Mariñas e Costa da Morte. Os concellos máis afectados foron Arteixo, Laracha, Paderne, Muxía, Carballo e Fisterra. Noutras zonas de Galiza, a situación puido ser semellante, pero aínda non se cuantificaron os estragos.

Os fortes ventos afectaron, principalmente, aos invernadoiros, que sufriron danos nas estruturas e roturas de plásticos. Nun primeiro cálculo aproximado, os técnicos do Sindicato Labrego estimaron que poden estar afectadas máis do 50% das explotacións no norte da provincia coruñesa. Nalgún caso concreto, os estragos son tan graves que poñen en perigo a viabilidade da actividade agraria; noutros, as explotacións afectadas



As explotacións de horta e flor volveron ser as máis prexudicadas polos fortes ventos

aínda non se recuperaran dos estragos causados polos temporais do pasado mes de marzo.

Dende o SLG, solicitouse de xeito inmediato unha en-

trevista con responsábeis da Consellaría de Medio Rural con tres obxectivos: avaliar os danos, tomar medidas paliativas para as explotacións afectadas que axu-

den a superar esta crise, e facer unha campaña informativa para dar a coñecer as subvencións que existen para contratar seguros agrarios que cubran estes eventos.

Dáse a circunstancia de que os seguros oficiais para cubrir este tipo de accidentes foron deseñados en Madrid e non se adaptan á realidade galega, polo que os requisitos esixidos fan moi difícil que unha explotación do noso país poda contratar unha póliza.

En canto ás entidades privadas, o meirande negase a asegurar invernadoiros. Nestas circunstancias, as explotacións de horta e flor galegas atópanse, no meirande dos casos, nunha situación de absoluta indefensión ante unha catástrofe como a do furacán Gordon.

Polo demais, o Sindicato Labrego Galego recomendou a todas as persoas afectadas polo furacán que se dirixan inmediatamente á oficina agraria comarcal que lle corresponda para denunciar e deixar constancia dos danos acontecidos na súa explotación.

O SLG insta a Medio Rural a avaliar os danos da seca e a palialos con axudas

O pasado 12 de setembro, tiveron un encontro a Consellaría de Medio Rural e o Sindicato Labrego Galego para tratar os danos que está a causar a seca sobre os diversos sectores agrogan-deiros do noso país.

Por parte da Xunta estiveron no encontro o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, Antonio Oca; e o seu homólogo en Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, Gonzalo Flores. Representaron á organización sindical a súa secretaria xeral, Lidia Senra; e o responsábel dos sectores agrarios, Xosé Manuel González Vilas.

Na reunión, tratouse a problemática da seca dende dúas perspectivas: as perdas económicas que está ocasionando este ano a escaseza de auga nas explotacións agrarias e gandeiras, por unha banda; e a necesidade de investigar o impacto real que provoca o quecemento global na actividade agropecuaria.

Neste marco, o Sindicato Labrego instou á Consellaría para que inicie unha avaliación dos danos da seca en toda Galiza, por comarcas e por sectores produtivos, estudo que xa se vén de iniciar despois de que o SLG o pedise recentemente por escrito. O direc-

tor xeral de Produción, Antonio Oca, informou que, en canto a valoración dos danos estea rematada, a Consellaría decidirá se articula algunha liña de axudas para paliar os estragos da seca. Ademais, tamén se comprometeu a retomar o diálogo co Ministerio de Agricultura para que Galiza se inclúa entre as zonas damnificadas pola seca e reciba as correspondentes axudas estatais; neste senso, cómpre lembrar que o noso país ficou excluído desta liña de subvencións pola desidia da anterior Consellaría de Política Agroalimentaria, cando aínda gobernaba en funcións o PP.



Rede rural para a recollida de datos

En canto á investigación dos impactos que o cambio climático está a ter nas actividades agropecuarias, o director xeral de Investigación, Gonzalo Flores, comprometeuse a crear unha rede de recollida de datos na que participarán

activamente labregos e labregas. Coa información achegada por esta rede poderanse calibrar, en toda Galiza, as variacións que están a sufrir as épocas de maduración dos cultivos e das colleitas, as épocas de sementeira, ou a aparición de novas pragas e enfermidades, por mor do quecemento global do planeta.

As denuncias do SLG poñen fin a unha fraude con viños de mesa

Eroski ofertaba estes caldos como galegos, cando está prohibido indicar a súa procedencia xeográfica

O pasado 8 de agosto, a secretaria xeral e o responsábel dos sectores agrarios do Sindicato Labrego, Lidia Senra e Xosé Manuel González Vilas, denunciaban nunha rolda de prensa a fraude

que estaban a realizar os supermercados Familia, do grupo Eroski, na venda de viños de mesa ofertados como galegos. A reacción da cadea comercial foi a inmediata retirada destes cal-

dos dos andeis, xa que está prohibido mencionar a procedencia xeográfica en viños sen denominación de orixe. Os feitos foron postos en coñecemento de Industria e Medio Rural.

Grazas ás denuncias do Sindicato Labrego, o grupo Eroski retirou dos seus supermercados varias marcas de viños de mesa que estaban a ser comercializadas como produtos galegos. Tratábase dun claro caso de publicidade enganosa, no que estes produtos aparecían nos andeis con bandeiras galegas, nomes en galego, e outros indicativos que confundían á xente, cando está prohibida calquera indicación da súa orixe nos viños de mesa.

Vilas non dubidou á hora de cualificar isto como unha práctica "fraudulenta" que resta mercado aos viños galegos de calidade amparados por denominacións

de orixe. Un dos factores que axudan a este tipo de competencia desleal son os prezos baixísimos destes viños, que estaban a ser comercializados a prezos que roldaban os 60 céntimos. Con valores de mercado coma estes, Vilas afirmou que os labregos e as labregas, que case seguro non son de Galiza, non poden cobrar máis de 15 céntimos por litro.

O Sindicato Labrego puxo estes feitos en coñecemento das consellarías de Medio Rural e de Industria, aínda que Eroski retirou estes viños de maneira fulminante en canto os medios de comunicación deron conta das denuncias do SLG.



Grazas á rolda de prensa do SLG, Eroski retirou de maneira inmediata os viños denunciados

A vendima do 2006 arrinca con contratos homologados en catro denominacións

A vendima deste ano lembrarase por ser a primeira en ter contratos homologados de compravenda de uva en catro das denominacións de orixe galegas; ficou sen acordos Monterrei. Grazas a estes contratos, garántense uns prezos mínimos en función da caste e da calidade da uva, e asegúrase que se recolla boa parte da vendima, aínda que é previsíbel que haberá problemas neste senso nalgunhas denominacións como Monterrei ou Valdeorras.

■ **Rías Baixas:** Pola zona de Rías Baixas vai a haber unha cantidade en torno aos 29 millóns de quilos, co cal estamos diante dunha produción histórica, mesmo superior á prevista. Iso asegura que unha produción abundosa de viño, enmarcada nun contexto de forte crecemento da denominación de orixe, que agora vai estar regulada por uns acordos.

O modelo de contrato homologado foi aprobado polo Sindicato Labrego, UU.AA., XX.AA., Adegas do Salnés, Bodegas Artesanas Rías Baixas, Condes de Albarei, Martín Codax, Zárata, Bodegas Sanxenxo e Asociación Empresarial Adegas Rías Baixas; e garante prezos entre 1 e 1'30 euros.

■ **Ribeiro:** No Ribeiro, a produción deste ano andará polos vinte millóns de quilos (ao peche de Fouce, aínda non rematará a vendima). Para o responsábel do sector, Xosé Manuel González Vilas, o futuro desta denominación de orixe pasa "por seguir reconvertendo e orientando a produción cara á calidade, e abandonar a típica visión do Ribeiro como unha zona produtora de viños de batalla e de consumo masivo, unha orientación que, hoxe en día, é imposible seguir mantendo".

O acordo foi subscrito por

Bodegas Cunqueiro, Bodegas Campante, Adegas Pazo do Mar, S.L., Asociación de Embotelladores do Ribeiro, Cooperativa Pazo Ribeiro, Xóvenes Agricultores e Sindicato Labrego.

Os prezos mínimos de referencia fixados, que oscilan 1 e 1,10 euros para Treixadura, Albariño, Godello, Caíño, Sousón e Brancellao; mentres que para a Torrontés, Mencía e Tempranillo se pagarán entre 75 e 85 céntimos. Pola Xerez pagarase un prezo de 40 céntimos.

■ **Ribeira Sacra:** A vendima na Ribeira Sacra veu marcada pola súa habitual estabilidade, cunha previsión semellante á do ano pasado, en torno aos cinco millóns de quilos, e marcada pola tranquilidade de ter creado un contrato homologado con suficiente tempo de antelación. O acordo subscibírono o Sindicato Labrego, XX.AA., UU.AA.,

Adega Via Romana, Adega Regina Viarum., Adega Recitoral de Amandi, Adega S.A.T. Virxe dos Remedios, Adegueros do Miño e Adegas Moure. Os prezos acordados para a uva Mencía estarán entre 90 céntimos e 1'30 euros.

■ **Valdeorras:** En Valdeorras aínda non se rematará a vendima á hora de peche do Fouce, polo que a produción de referencia que temos é a do ano pasado, de oito millóns de quilos. Aquí tamén se produciu un acordo por primeira vez para vender parte da produción, sobre todo a que vén de cooperativas. Neste senso, o Sindicato Labrego desempeñou un importante labor coa xente que non forma parte de proxectos colectivos, amén de facerlle un seguimento ás cooperativas da bisbarra. Así, a pesares da formalización de contratos, pode haber algún problema pun-

tual de recollida da uva.

Os acordos foron subscritos por Sindicato Labrego, UU.AA., XX.AA., Adega Santa Marta SAT e Asociación de Adegas de Valdeorras. O prezo mínimo será de 70 céntimos para as castes Godello, Mencía, Tempranillo, Sousón, Merenzao ou Albarello.

■ **Monterrei:** En Monterrei, a única denominación de orixe na que non se formalizou un contrato homologado, o Sindicato Labrego salvou parte da colleita desta denominación de orixe que se atopaba almacenada do ano pasado. Así, este ano o SLG seguirá traballando para buscarlle saída á uva desta denominación de orixe, pero centrarase máis en promover a creación de novas cooperativas e adegas para potenciar o sector comercial da DO, xa que neste eido Monterrei padece un forte déficit estrutural.

Remolques, cargadores frontais e colleitadoras

Consellos prácticos para evitar accidentes con este tipo de maquinaria e apeiros de uso agrícola

Cargadores e remolques

O remolque é o apeiro máis empregado para o tractor. Existen diferentes tipos en número, disposición das rodas, materiais de construción, tara e capacidade de carga, así como estado de conservación e dotación de medios de seguridade. O meirande dos riscos están presentes nos modelos que carecen de enganche directo e precisan doutra persoa para suxeitar a lanza durante os labores de acoplamento e desacoplamento.



↓ FACTORES DE RISCO

Caída de persoas a diferente nivel

CONSELLOS ↓

■ Uso de accesos precarios para ascender e descender da cama do remolque (apoiándose nas rodas ou nas nervaduras das cartolas).
■ Insuficiente limpeza do gran do cereal sobre a chapa metálica do remolque.
■ Forza excesiva no lanzamento da paca cando se carga o remolque co aupapacas.

- As escadas de acceso ás cartolas para o manexo dos envases da froita deben cumprir as condicións de seguridade.
- Os remolques deberán ter accesos permanentes ata a cama, con estribos laterais e asideiros.
- Limpeza da cama e dos accesos ó remolque de cereais, abono e lama.
- Extremar as precaucións cando se efectúe o tendido de lonas nos días de vento forte.
- Coordinación entre as persoas que manipulan o aupapacas e os que apilan enriba do vehículo.
- Nunca se deterá frontalmente unha paca.

Caída de obxectos desprendidos / Golpes de obxectos e ferramentas

■ Carga-descarga incorrecta do remolque. Uso non axeitado dos cargadores. Apilamentos mal feitos.

- Carga-descarga remolques (manual, mecánica), e apilamentos estables.
- Circular coa forcada en posición axeitada, segundo o caso.

Atrapamentos por / entre obxectos

■ Carecer de enganche directo. Subida ás cartolas na súa montaxe. Enganche-desenganche do tractor, sen as debidas medidas de seguridade. Transmisión por cadeas, correas, etcétera, ó descuberto. Ubicación dunha persoa no percorrido do mecanismo cando se carga o remolque co aupapacas. Uso de bulóns seguros.

- Emprego de sistemas de enganche seguros.
- Protexer engrenaxes e órganos de transmisións con carcasas.
- Gardar a proporcionalidade entre os distintos elementos (tractor, remolque e/ou cargador).
- Empregar bulóns con pasador de seguridade.
- Empregar calzado de seguridade con punteira reforzada.

Atrapamentos por envorcamento da máquina

■ Nos remolques dun único eixe, viraxe brusca en torno ó eixe no sentido do extremo que porte máis peso.

- Nos remolques dun único eixe, non desenganchar remolques parciais ou totalmente cargados.
- Formación en métodos de traballo seguros.
- Apilamento estable e seguro, e suxeición correcta.

Sobreesforzo

■ Carga-descarga remolque.

- Formar ó operario na manipulación manual de cargas. Uso de cinto e faixa.

Accidente de tráfico

■ Enganche do remolque no punto máis alto para incrementar o rendemento da tracción, cando vai o remolque sobrecargado. Velocidades excesivas en terreos con moita pendente. Deficiente alumeadado e/ou sinalización do remolque. Carencia dos faros tra-seiros, avariados ou apantallados por lixo.

- O remolque deberá pasar as ITV, e non se deberá sobrecargar nunca.
- Recomendación de non superar o 1,5 do peso do tractor nas vías en bo estado.
- Enganchar o remolque ó tractor no punto máis baixo sinalado polo fabricante.
- Nunca desprazar o tractor en punto morto.
- Conectar o xirofaro.
- Comprobar periodicamente os freos, os intermitentes e as luces de freado.
- Respetar o Código de Circulación.
- Información / formación sobre o modelo do tractor e remolque a empregar (manual de instrucións do fabricante).



Colleitadora

Estamos a falar dunha máquina autopropulsada con tracción dianteira, diante do eixe motriz posúe o cabezal de sega e no interior, dous mecanismos de trilla, cribado e limpeza. O gran recollido e limpo almacénase nunha tolva dende a que é transvasado ó camión. O motor posúe normalmente disposición superior. Polo extremo posterior da máquina sae a palla desprovista do gran. Existen tres tipos básicos de colleitadoras no mercado: convencional-mecánica, autonivelable-hidráulica e modificadas.

↓ FACTORES DE RISCO

Xornadas de sega prolongadas cun só conductor. Persoas alleas ó maquinista situadas na cabina cando descende da mesma. Esvaróns na escaleira de acceso á cabina. Comprobación da capacidade da tolva sen medidas de seguridade.

Caída de persoas a diferente nivel

- Os relevos dos conductores realizaranse sempre coa máquina parada e o relevo poñerá a máquina en marcha tras o aviso acústico.
- Se o maquinista descendeu da máquina, antes de subir ó posto de conductor mirará arredor da máquina e comprobará o molinete.
- Prohibición de subida á máquina a persoas diferentes do conductor.
- Acceso ó posto do conductor terá chanzos e asideiros suficientes. Limpalos da graxa e barro que puidesen ter.
- O conductor levará calzado antideslizante e comprobará que as solas estean limpas.
- Respectaranse os tres puntos de apoio no acceso ó posto de conductor.
- Cando se comprobe a tolva ou calquera outra parte, deterase a máquina en terreo chan, frearase e quitarase a chave do contacto.

CONSELLOS ↓

Choques e contactos con elementos móbiles das máquinas

Incorrecta limpeza e mantemento da máquina. Quitar as chapas de protección crendo que o po non se acumula no interior.

Atrapamento por / entre obxectos

Activación por distracción dun mecanismo dende o interior da máquina cando se están a facer tarefas de reparación entre dúas persoas. Activación de calquera mecanismo cando se desconecta a engrenaxe de soporte, reglaxes e conexións eléctricas e hidráulicas ó retirar ou colocar o cabezal de corte. Retirar obstáculos situados na área de traballo polo conductor ou por outra persoa sen parar a máquina. Presencia de nenos na área de traballo.

- Os labores de limpeza e mantemento realizaranse por persoas cualificadas e, polo tanto, coñecedoras da máquina.
- Tódalas labores de limpeza e mantemento realizaranse coa máquina completamente parada e quitarase a chave do contacto.
- A revisión da máquina realizarase sempre en terreo chan e calzarase axeitadamente.
- Ó remate das reparacións/revisións comprobarase que a totalidade das proteccións están colocadas e pechadas.
- A colocación e desconexión do cabezal de corte realizarao o conductor da colleitadora segundo o manual de instrucións do fabricante.

Atrapamentos por volteo de máquinas

Estado de conservación precario da colleitadora. Ausencia de formación na utilización da colleitadora. Circulación coa tolva excesivamente chea por pendentes cunha inclinación superior ó 20%. Volteo da colleitadora polo deslizamento lateral, previo á perda de control sobre a máquina. Derrube das paredes das gabias que drenan os laterais das parcelas polo peso da tolva dunha colleitadora de 6 metros de corte. Manobras na proximidade de gabias e barrancos. Bloqueo do freo ó ter obxectos debaixo do mesmo.

- Formación conductor: sobre a máquina e das normas de seguridade, así como do Manual de Instrucións do Fabricante.
- Realizarase revisión periódica da máquina e do estado dos pneumáticos gastados así como o xogo de torcas que suxeitan as rodas, especialmente as do eixe dianteiro e coa máquina recién mercada.
- A cabina debe estar libre de obxectos, e estará certificada garantindo a integridade do operario no caso de volteo.
- Comprobación ó inicio de cada tarefa de que os freos laterais poden traballar dun xeito independente e que a máquina está en perfectas condicións.
- Cando xurda un imprevisto, faranse as comprobacións oportunas despois de descargar a tolva nun terreo chan e de recoller o tubo de escape. Baixarase o cabezal da sega ata o chan, frearase a máquina, poñerase a marcha no sentido contrario á pendente e deterase o motor.
- No referido ó traballo a realizar, coñecerase ben a explotación a traballar, nunca traballar en solitario cando se conta con pouca experiencia nas zonas de ladeira e non se superarán os límites da colleitadora. Cando se estea en pendentes de máis do 20%, afrontarase por liñas de máxima pendente e en sentido ascendente. Ó traballar por liñas de máxima pendente en sentido descendente colocaranse os contrapesos traseiros antes de iniciar o traballo. As áreas de máis pendente faranse primeiro coa máquina baleira. Ó producirse deslizamento da máquina actuar como segue:
 - ▶ Pisar suavemente o freo da roda oposta ó lado que se desliza, ata acadar un avance parello nas dúas rodas.
 - ▶ Mover o volante para endereitar a máquina ata acadar a liña de máxima pendente.
 - ▶ Desconectar o mecanismo de sega sen elevalo.
 - ▶ Abandonar a área da parcela pola liña de máxima pendente.
 - ▶ Extremar as precaucións nas gabias especialmente nos xiros da máquina coa tolva chea.
 - ▶ Gardarase a distancia de seguridade, cando menos de 2 m., desde o exterior das rodas ata os límites do campo e os cambios bruscos de nivel.

Atropelos, golpes e choques

Tras unha parada temporal da máquina e ó retomar o traballo, o conductor dá marcha atrás, existindo persoas na área cega da máquina que poden ser atropeladas.

- Protexer os elementos de corte ou móbiles que saian do corpo da máquina.

↓ FACTORES DE RISCO

Caída de persoas a diferente nivel

CONSELLOS ↓

Paso da máquina baixo tendidos eléctricos de pouca altura.

■ Comprobar que a altura de paso sexa suficiente.

Incendios

Época do ano da colleita: verán.
Acumulación de po vexetal, palla, graxas, lubricantes, e outros, de elevada combustibilidade.
Pezas mecánicas en continua fricción.
Focos de calor da máquina.

■ Dotar á máquina de extintores.
■ Evitar contactos de combustibles e lubricantes coas partes quentes da máquina.
■ Limpeza periódica do po e palla acumulado.
■ Ó remate do traballo, retirar a máquina das zonas abarbitadas

Accidentes de tráfico


Lentitude da colleitadora ó circular pola estrada.
Choques do tubo da tolva con postos eléctricos ou telefónicos.

■ Repregar o tubo de descarga despois de descargar o gran.
■ Circular con: mecanismo da sega desmontado, a tolva baleira, o tubo de descarga e a escaleira de acceso recollidos, así como trabados os freos.
■ Nos camiños extraviais nos que se circule coa plataforma de corte, débense protexer os dentes, recoller os divisores e bloquear os émbolos hidráulicos de elevación.
■ Evitar os camiños que se incorporan á estrada en zonas sen visibilidade extremando as medidas de seguridade.
■ Circular polo beiravías, sempre que sexa posible.
■ Comprobar que tódolos espellos están correctamente colocados e non existen ángulos mortos.
■ Conectar o xirofaro.
■ Sinalizar os extremos do apeiro con trapos de cores vivas e colocar unha luz rosa nos casos de mala visión.
■ Sinalizar as manobras con tempo suficiente.
■ Respetar o Código de Circulación.

Estrés térmico e risco hixiénico

Temperaturas ambientais desfavorables. Presenza de po, ácaros e toxinas no ambiente. Nivel sonoro do motor e mecanismos da máquina elevados.

■ Cabina climatizada, presurizada e insonorizada.
■ Uso de EPI's (máscara e protector auditivo), cando sexa preciso.



Información financiada pola



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Dirección Xeral de Relacións Laborais

O sector de vacún nos Estados Unidos: un modelo para non seguir

Lidia Senra, cunha delegación da CPE, visitou este país para coñecer o impacto das granxas industriais

A Food and Water Watch, asociación cidadá que traballa na defensa e a calidade dos recursos esenciais -alimentación, auga e aire- nos Estados Unidos, e que apoia á NFFC (sindica-

to labrego de Estados Unidos integrado na Vía Campesina), convidou a unha delegación da Coordinadora Labrega Europea (CPE), a coñecer a problemática que supón a expansión

das granxas de leite industriais nos Estados Unidos, tanto para as explotacións familiares como para os recursos básicos para a vida como a alimentación, o aire e a auga.

A delegación europea estivo integrada por Sonja Kropster, da ABL de Alemaña; Jean Cabaret, da Confederation Paysanne francesa; e Lidia Senra, do Sindicato Labrego Galego. A viaxe prolongouse do 22 ao 30 de setembro, e fixo parada nos estados de Washington, Oregon e Michigan.

Os días 25 e 26, a delegación visitou Sunnyside, situada no leste do estado de Washington. Con 12.000 habitantes, Sunnyside conta con 76 explotacións industriais de leite nun radio de 45 quilómetros, que se instalaron hai tan só unha década.

Estas explotacións empregan man de obra barata, polo xeral inmigrantes de México sen papeis e sen contratos de traballo. Cando enferman, son automaticamente despedidos. Teñen gran concentración de animais -entre 1.000 e 16.000 vacas por granxa- en moi pouca terra. A primeira que viu a delegación foi unha con 30.000 becerros en 800 hectáreas.

Con esta carga gandeira, un elemento común na paisaxe agraria son as lagoas de zurro ao aire libre, como a dunha explotación con 450 vacas leiteiras en 30 hectáreas. Esta granxa tiña catro destas lagoas de zurro, con sete millóns de litros cada unha. Amais do zurro, nas lagoas tamén se acumulan os refugallo de hormonas e antibióticos que se lles administra aos animais (a BST emprégase na produción leiteira). Por se non abundase, o leite das lagoas non ten ningún tipo de impermeabilización. Isto xera un fedor insoportábel, tanto nas granxas como nos seus arredores. En canto aos refugallo sólidos, amoréanse no exterior, formando auténticas

montañas de esterco. Cando chove, as lagoas desbóndanse e o zurro anégao todo.

Así as cousas, a contaminación dos aquíferos e do aire é total, con regatos de augas negras e 5.000 partes por millón de amonio na atmosfera (o nivel permitido é de 150 partes por millón). Isto xera moitos problemas respiratorios e enfermidades na xente. Un bo exemplo do impacto destas explotacións atopouno a delegación ao visitar unha finca de 70 hectáreas a cerdeiras e maceiras, na que non se podían coller as froitas do solo ao haber risco de que estivesen contaminadas por unha explotación de vacún veciña.

Estas empresas non pagan ningún tipo de imposto e, pola contra, ademais da contaminación, provocan un grande tráfico de camións que estraga as pistas. Pero as empresas están tranquilas: os amaños corren a conta do erario público, incluída a purificación da auga.

2.700.000 litros de zurro ao ano por cada hectárea e media

No Estado de Michigan hai 55.000 explotacións agrarias, das cales 214 son grandes empresas leiteiras, corenta delas holandesas, de 1.000 vacas para riba.

As explotacións familiares que producen en base a herba teñen entre 50 e 100 vacas de media.

A comitiva visitou a zona de Hudson, moi preto de Detroit e Toledo. A primeira empresa leiteira industrial instalouse na bisbarra en 1997: chámase Vreba Hoff e pertence a dez irmáns. Teñen dúas granxas con varios miles de vacas cada unha, e especulan coa terra mercándoa para revenderlla a quen queira montar explotacións. Así, o prezo do solo pasou de 1.000 dólares por acre (1'4 hectáreas) hai seis anos, a 10.000 dólares acre na actualidade.

O leite que producen é fundamentalmente clase B, que é o do queixo; e algún de clase D, para po. A situación laboral da xente que traballa alí era semellante á dos outros lugares visitados; e o problema do

zurro, coas grandes lagoas, tamén. De feito, a delegación europea puido comprobar como saían, cada día, catro camións cisterna cheos de zurro para botar nas terras dunha explotación de 7.000 vacas. Os cálculos a este respecto falan de 2.700.000 litros de zurro que se botan por acre e ano. A contaminación da auga é tan alta que, nunha medición feita durante a visita, deu como nivel de osíxeno 1'5 miligramos por litro, cando se necesita un nivel de 5 mg para que poida haber vida.



Rega da terra con zurro por aspersión



Arriba, lagoa de zurro nunha explotación de vacún industrial; abaixo, estabulación do gando no que semella máis un campo de concentración ca unha granxa para vacas

Un só empresario produce o 50% das patacas para frito do mundo

En Oregon houbo parada de referencia: a Three-mile Canyon Farmer, que é a empresa produtora de leite máis grande do mundo, con 50.000 vacas leiteiras. Xunto á recría e ao cebo de becerros, anda polas 100.000 cabezas. Nas 13.670 hectáreas que teñen sementan tamén pataca, cereal e cebola.

O propietario é Ron Offutt que tamén é o maior produtor de patacas do mundo. Vive en Dakota e ten empresas agrícolas en doce estados. Só el produce o 50% das patacas para frito do mundo.

Na leitería traballan 175 persoas, e nas patacas 120. O 90% desta xente é inmigrante de orixe mexicana. A produción de leite é de 400.000 quilos diarios, e véndese toda a Tillamook, Dean Foods e Kraff. As patacas véndenas a Conagra que, a súa vez, véndenas a McDonalds e a Kettle Chips.

Tralo visto, Lidia Senra concluíu que nos Estados Unidos non existe a competitividade, pois as grandes empresas de leite e carne gañan moito grazas á sobreexplotación salarial, a non ter que pagar impostos, ao non respectar as normas medioambientais, e ao desprezar a saúde da xente. Ademais, estas grandes granxas perciben moitas axudas públicas, e o Estado compénsaa cando os valores de mercado non acadan os prezos mínimos do leite. Outra evidencia desta viaxe foi que a concentración da produción faise a costa de eliminar explotacións labregas.

As experiencias do proxecto RAFAEL en Andalucía deixan un sabor agridoce

Algunhas iniciativas amparadas non potencian o consumo local nin reforzan a economía do lugar

O Sindicato Labrego Galego vén de participar no terceiro encontro técnico andaluz do proxecto RAFAEL (Renacemento dos alimentos xenuínos e dos vínculos económicos da área atlántica). Baixo o lema "A agricultura e gandería ecolóxica nos espazos naturais", a xuntanza tivo lugar en Huelva, no espazo natural Serra de picos de Arocha e Arazena, entre o 25 e o 26 de setembro. Asistiron produtores e produtoras de todas as rexións participantes no RAFAEL, que se atopan espalladas polo estado español, Portugal, Francia e Reino Unido.

Segundo relata unha das asistentes ao encontro, e responsábel de agricultura ecolóxica do SLG, Charo Sánchez Parga, "as experiencias que visitamos estaban repartidas por todo o territorio da Serra de Arocha e Arazena, e certificadas polo Comité Andaluz de Agricultura Ecolóxica (CAEE), socio do proxecto en Andalucía". Neste senso, hai que lembrar que en Andalucía toda a certificación ecolóxica é privada, e o CAEE é o organismo que acolle máis altas de produtores e produtoras, agrupando ao redor dun 90% da produción ecolóxica da comunidade.

Seguindo coa súa memoria dos encontros, Charo explica que "o día 25 puidemos ver a explotación de Diego, un apicultor cunha experiencia ás costas de máis de 21 anos, aínda que só leva seis acollido á certificación eco. Diego tiña unhas 700 colmeas espalladas pola comarca de Neva, e traballaba coa raza apícola *Apis mellifera iberica*. Ata hai pouco, realizaba toda a venda a granel, pero a partir deste ano, e por mediación do CAEE e do RAFAEL, constituíu a asociación abelleira Apieco, integrada por cinco persoas. Apieco conta con poder envasar toda a produción de mel e pole dos seus cinco membros.

A maiores, conta Charo Sánchez, "tamén visitamos a explotación de porco ibérico cebado con landras de Miguel e Anxos, no concello de Campofrío. A crianza lévase a cabo polo método da montanera, e o resto do ano danlle o gando un suplemento de chícharos forraxeiros e trigo ao 50%. Ademais, tiñan unha fábrica de embutidos para transformar a materia

prima: Ecoibéricos de Jabugo. A explotación de Miguel e Anxos conta con 700 hectáreas inscritas, e nela teñen 500 cabras para leite e 40 cabezas de vacún. O promedio de porcos ao ano está entre 100 e 150 animais.

Conserveiras centradas na exportación

A seguinte visita foi á queixería artesanal Monte Robledo, un casal familiar que traballa o queixo de ovella con métodos convencionais, e tamén o porco ibérico. A liña que teñen de ecolóxico é a produción de queixo de cabra, que elaboran a partir do leite que lles proporciona a cabana caprina de 500 cabezas de Miguel e Anxos. En Monte Robledo, transforman cinco tipos de queixo: suado, en aceite, para untar, ecolóxico, e de ovella dos montes. Era esta liña produtiva a que máis se



A queixería de Monte Robledo foi das poucas experiencias adaptadas ao espírito do RAFAEL

asemellaba ao tipo de transformación que demandamos para nós.

Por último, visitamos a

conservaría Sierra Rica, que comercializa marmeladas, sopas, castañas, etcétera. Exportan toda a produción a

16 países, pero non comercializan nada no Estado. Tampouco producen a materia prima".

Produtores e produtoras relegad@s todo o tempo a un papel secundario

Respecto á valoración desta experiencia, Charo confesou que "a impresión recollida, se temos en conta que está amparada baixo o proxecto RAFAEL, é que a definición dos sistemas de alimentos xenuínos caracterizados por apelativos coma local, sostible, calidade, e nun ámbito humano de explotación, entre outros, resulta un pouco frustrante, xa que as únicas experiencias que podían estar acollidas e ser extrapolables ao noso territorio baixo estes criterios limitábanse ao abelleiro e á queixería familiar. A explotación de porcos dedicábase máis ao turismo rural, e os donos só traballaban no manexo cando "tiñan tempo"; a realidade era que tiñan dúas persoas contratadas que facían o traballo, e non puidemos falar con elas, cando eran as que podían explicar a experiencia".

En canto á conserveira, para a responsábel de agricultura ecolóxica do SLG "ademais de exportar toda a pro-

dución -polo que se pode dicir que pouco facía en temas como consumo local, xeración de economía ou asentamento poboacional na zona-, nin sequera o produto que transformaba era todo da bisbarra, aínda que a súa estratexia de mercado así o afirmase; por exemplo, a castaña coa que traballaban era galega".

"A sensación que lle queda a unha", prosigue Charo, "é que, se isto é o modelo de produción ecolóxico a seguir e o modelo de empresa apoiado polo RAFAEL, as nosas pequenas e medianas explotacións non teñen cabida nel e, ao mesmo tempo, reforza a nosa demanda dunha certificación pública para o sector".

A comitiva galega coincidiu coa inauguración da feira Agrocultura, a primeira na zona sobre agricultura ecolóxica, desenvolvemento rural e agroturismo.

Para Charo Sánchez, "a xornada parecía feita para que os produtores e

produtoras asistentes non intercambiásemos experiencias nin información, xa que non tivemos tempo para iso nin se nos facilitou. Tampouco puidemos explicar o que estabamos a facer alí co proxecto RAFAEL, e nas exposicións e conferencias nunca nomearon aos produtores nin ás produtoras, polo que non nos quedou moi claro cal era alí o noso papel. Tampouco puidemos participar na valoración do encontro, nin achegar as nosas ideas e inquedanzas, nin falar das pautas a seguir, xa que iso quedaba para os técnicos. Todo isto fíxome ter a dúbida de se o papel dos produtores e das produtoras neste tipo de proxectos só é o de declarar custes que van parar ao peto de algúns. De calquera xeito, a experiencia reafirmame no convencemento de que nós estamos facendo as cousas baixo criterios reais de apoio a labregos e labregas, e de que loitamos por manter un medio rural vivo".

O SLG denuncia discriminación nas primas de incorporación de cónxuxes

A Secretaría das Mulleres solicitou a Medio Rural e Igualdade unha entrevista para tratar o tema

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego valorou de xeito moi positivo a decisión da Consellaría de Medio Rural de apoiar a incorporación d@s cónxuxes nas explotacións

familiares mediante a constitución de sociedades, pois esta medida permite ás labregas acceder a cotitularidade real das explotacións nas que traballan, pero nas que non teñen dereitos

administrativos recoñecidos. Nembargante, tivo que denunciar a situación de desigualdade que padecerán as labregas no que se refire ao reparto das contías destas subvencións.

A importancia da medida para as mulleres ficou ben clara cos datos de solicitude na man: de 1.100 peticións, 528 pertencen a expedientes promovidos por cotitulares, dos cales máis de 500 son de mulleres. No período anterior, nunca se lles concedeu ningunha axuda @s cotitulares.

Nembargante, a decisión que tomou finalmente a Consellaría do Medio Rural no tocante á contía da prima de incorporación para @s cónxuxes foi valorada negativamente polo Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego, xa que supón, unha vez máis, que a aplicación dunha medida inicialmente positiva, na práctica remata por ser unha profunda discriminación para as mulleres labregas. Nesta ocasión, a



A Secretaría das Mulleres tivo que volver denunciar unha nova discriminación das labregas

media de diñeiro co que se apoia a incorporación das 500 mulleres cotitulares,

aproximadamente 15.000 euros; dista moito dos 23.000 euros cos que se apoia aos

expedientes promovidos polos titulares, maioritariamente homes.

Malia o importante esforzo orzamentario que supón a aprobación de 1.100 solicitudes de primas de incorporación neste ano (fronte ás 384 solicitudes aprobadas do ano 2005, 299 do 2004, 199 do 2003, ou 387 do 2002), para a Secretaría das Mulleres "cómpre artellar outra alternativa na que se garanta que as labregas e os labregos se incorporen en igualdade de condicións".

Diante disto, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego solicitou o pasado 12 de setembro unha entrevista conxunta coa Consellaría do Medio Rural e coa Secretaría Xeral de Igualdade, para ver de buscar solucións a esta situación de desigualdade provocada pola decisión de Medio Rural.

Igualdade crea unhas axudas para apoiar a cotitularidade nas explotacións

A Secretaría das Mulleres do SLG valorou moi positivamente a primeira liña de axudas a prol da cotitularidade nas explotacións agrarias, que o pasado 8 de agosto fixo públicas o Servizo Galego de Igualdade, dependente de Vicepresidencia

Terán dereito a solicitar estas axudas as mulleres que accedan por primeira vez á cotitularidade dunha explotación agraria; e as mulleres que traballen ou vaian traballar nunha explotación (cónxuxe, parella de feito, nai, irmáns, etcétera). A contía será de 2.000 euros, e poderanse solicitar ata o 30 de novembro.

A participación das labregas en pé de igualdade en todos os dereitos e deberes da explotación agraria é, para a Secretaría das Mulleres, unha demanda

fundamental. Son moitas as labregas ás que se lles están a negar sistematicamente dereitos como a axuda de 100 euros por fillos e fillas menores de tres anos, o cesamento anticipado, etcétera.

E esta discriminación acontece a pesares de que as labregas traballan da mañá á noite na explotación familiar; a pesares de que invisten todo o seu diñeiro nela; e a pesares de cotizar á Seguridade Social, en moitos casos. Nembargante, a Administración di que non queda demostrado que desempeñen unha actividade agraria, porque nos papeis só figura o titular masculino.

Hai mulleres que chegan mesmo a aturar situacións de malos tratos por non teren un recoñecemento da súa participación nos dereitos da explotación.

Congreso Mundial de Mulleres da Vía Campesina en Compostela

18 de outubro

10,00.- Chegada das participantes e entrega de documentación
11,00.- Acto de apertura.
11,30.- Café
12,00.- Conferencia inaugural: Retos para a igualdade
13,00.- Relatorio ¿Qué é o feminismo?
13,30.- Xantar
15,30.- Debate en grupos, sobre o relatorio.
17,30.- Posta en común do debate en grupos e conclusións
18,30.- Fin da xornada
19,00.- Visita a Compostela
21,00.- Cea

19 de outubro

9,00.- Visita a unha explotación agraria dunha muller e debate da súa perspectiva sobre a igualdade.
11,00.- Relatorio. Liñas do pensamento feminista na historia

11,30.- Debate en grupos
12,30.- O feminismo da igualdade e o feminismo da diferenza
13,00.- Debate en grupos
14,00.- Xantar
16,00.- Posta en común do debate
17,00.- A Marcha Mundial das Mulleres
17,30.- Preguntas e debate
18,30.- Descanso e café
19,00.- Debate en grupos
20,00.- Posta en común do debate
20,30.- Fin da xornada.

20 de outubro

9,00.- Conferencia inaugural: Perspectiva de xénero na cooperación
10,00.- Café
10,30.- Análise da violencia contra as mulleres nos diferentes países.
11,30.- Análise da campaña contra a violencia sobre as mulleres no medio rural

13,00.- ¿Como continuar?
13,30.- Xantar
15,30.- Análise da situación a nivel profesional nos distintos países. ¿Qué avances en relación á esta situación?
17,30.- Descanso para café
18,00.- Obxectivos e liñas de traballo para o próximo ano
17,30.- Fin da xornada

21 de outubro

Toda a xornada da mañá estará dedicada a avaliar o traballo e actividades realizadas pola Comisión Internacional de Mulleres da Vía Campesina dende agosto do 2005 ata o presente, así como o nivel de execución dese traballo nos diferentes países.
A xornada de tarde, adicaráse a programar o traballo e as liñas de actuación coordinadas no plano organizativo para o 2007 diante das distintas administracións a nivel local e mundial.

Programa de abandono da produción leiteira 2006 / 2007

O abandono afectará a totalidade da produción leiteira e @ produtor/a deberá comprometerse na solicitude a facelo efectivo **antes do día 8 de decembro de 2006**. A indemnización a cada produtor/a concederase pola cota láctea individual, tanto de entrega a compradores como de venda directa,

excluída a recibida da reserva nacional, que teña asignada o 1 de abril de 2006.

Poderán acollerse a esta indemnización @s produtores/as que desexen abandonar a produción de leite, pola totalidade da cantidade de referencia que tivesen asignada o 1 de abril de 2006.

Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril

Poderanse acoller a estas axudas @s agricultores/as que sufrisen danos nos seus cultivos por causa do xabaril entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2006. @s titulares dos cultivos afectados deberán poñer o dano en coñecemento da

Consellería de Medio Ambiente, nun prazo máximo de sete días, cunha chamada ao 900 18 61 86. Para ter dereito á axuda, o importe do dano deberá ser dun mínimo de 120 euros e un máximo de 1.200 euros, por campaña e beneficiari@.

Axudas para a prevención de ataques do lobo ao gando

Trátase dunha liña de axudas para fomentar a aplicación de medidas de protección do gando, para o que se incentivará a adquisición de elementos preventivos e disuasorios dos ataques do lobo.

Poderanse acoller a estas axudas @s gandeir@s con explotacións de animais domésticos das especies

ovina, vacúa, caprina e equina de Galiza. O gando haberá de estar identificado e saneado. As axudas poderán ser para adquirir cans mastíns, instalar valados electrificados e pastores eléctricos, construír curros, ou para mercar detonadores de propano.

Prazo ata o 12 de outubro.

Habilitación do carné de aplicador e manipulador de fitosanitarios

Esta orde senta as bases para habilitar os carnés de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico, expedidos en Galiza, para a utilización de produtos que non sexan ou xeren gases clasificados como tóxicos ou moi tóxicos.

Os titulares dos carnés menciona-

dos no punto anterior que estean interesados en obter a devandita habilitación, deberán ter superadas as probas de aptitude dos cursos homologados, en convocatorias anteriores á do ano 2006.

O prazo de solicitudes estará aberto ata o **19 de decembro**.

Axudas para o acceso de mulleres á cotitularidade das explotacións

O obxecto desta resolución é establecer as bases que rexerán a concesión de subvencións ás mulleres labregas galegas para lles facilitar o acceso á cotitularidade das explotacións agrarias, das que unicamente é titular un home.

Poderán ser beneficiarias as mulleres desempregadas que acceden á cotitularidade dunha explotación agraria a través da alta no rexistro de explotacións agrarias prioritarias da Consellería do Medio Rural e da correspon-

dente alta na Seguridade Social; e as mulleres que, en situación de alta na Seguridade Social, no réxime especial agrario por conta propia ou no de autónomas, acceden por primeira vez á cotitularidade dunha explotación agraria na que traballan.

As axudas consistirán nunha prima, por unha soa vez por explotación e beneficiaria, de 2.000 euros.

O prazo remata o 30 de novembro de 2006.

Axudas para apoiar proxectos innovadores de mulleres

Apoio a iniciativas empresariais lideradas por mulleres que desenvolvan proxectos cualificados de innovadores por supoñeren un avance tecnolóxico na obtención de novos produtos ou procesos ou de mellora dos xa existentes, e que desenvolvan esta actividade como medio axeitado para a súa integración laboral, baixo calquera forma de sociedade, cooperativa, ou establecemento como traballadora autónoma, en Galiza.

As axudas consistirán nunha subvención, e por unha soa vez, que como máximo será de 10.000 euros. A suma total das axudas percibidas para o desenvolvemento do proxecto empresarial non pode exceder o 55% do seu custo total. Estas axudas están destinadas a sufragar gastos de funcionamento das empresas entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 30 de novembro de 2006.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 22 de outubro.

Axudas para repoñer gando bovino por sacrificio en programas de erradicación de enfermidades

Axudas de concesión directa aos titulares de explotacións de gando bovino para a compra de animais da citada especie que teña por obxecto a reposición de efectivos naquelas explotacións en que se ordene o sacrificio de animais da especie bovina existentes nela, tras a realización do diagnóstico dunha das enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación de brucelose ou tuberculose.

Para poder ter dereito ás axudas establecidas nesta orde, é imprescindible o cumprimento estrito da normativa en vigor sobre epizootias, programas de erradicación de enfermidades animais e a relativa á vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 21 de novembro do ano 2006.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Trigo do país, calidade extrema.
Chamar ao 653 781 267

Véndese

Moto de trail YAMAHA Teneré 600. Impecable.
Chamar ao 696 105 786

Véndese

Esparexedor de esterco. En Touro (A Coruña).
Chamar aos números de teléfono 981 517 414 e 981 517 084

Véndese

Casa de pedra no lugar de Vilares, en Fisteus (Curtis), con terreo ou sen el.
Chamar ao 625 096 129

Véndense

-Desensiladoras, varios modelos.
-Fresadoras (varios modelos).
-Abonadoras.
-Ringleiradores.
-Rotativas (2'50 de corte).
-Remolques.
-Cisterna de 8.000 litros.
-Tractores (varios modelos).
Chamar aos números de teléfono 679 966 032 e 982 153 182

Véndense

-Tractor FIAT 7066.
-Segadora BERTOLINI.
-Desensiladora KUHN.
Chamar aos números de teléfono 981 490 656 e 678 334 312

Véndese

Espalladora antiga con limpadora incorporada. En bo estado.
Chamar ao 981 684 589

Véndense

-Bomba trifásica de trasegar viño.
-Trituradora trifásica.
Preguntar por Xulio Francisco Boo no 636 900 607

Véndense

-Máquinas de limpar trigo.
-Muíño de tractor.
-Muíño de corrente.
Chamar ao 982 175 132

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense

-270 gaiolas polivalentes para coellos.
-Motor redutor para limpeza de foxas.
Todo en bo estado. En Brea (Ourense).
Chamar ao 988 457 400, ás 15:00 horas ou pola noite.

Véndense

14 módulos polivalentes para cría ou engorde de coellos, modelo Rodeiro compacto.
Chamar ao 616 465 077

Véndese

-Segadora BCS, con 5 anos de uso.
-Autocargador JB con pico novo.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 696 660 023

Véndese

Cuba de madeira en bo estado, cunha capacidade de 80 canadas (3.300 litros), aproximadamente.
Chamar ao 982 171 663, entre as 14:00 e as 15:30 horas.

Véndense

22 vacas marcadas de Rubia Galega, na provincia de Ourense.
Chamar ao 607 403 883

Véndense

-Remolque rotativo JUSCAFRE-SA, de 15 metros.
-Arado de monte mediano.
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

Véndese

Egua de raza Percherona. Sete anos de idade. Preñada. Afeitada a traballar.
Chamar ao 981 786 715, a partir das 21:00 horas.

Véndense

-Trigo do país.
-Porcos campestres de cruce celta.
-Herba seca en rolos grandes.
-Semente de herba raigrás italiana, deste ano.
Chamar ao 881 060 123

Véndese

Circuíto WESTFALIA, de tres puntos, con lavado automático.
Preguntar por Xosé no teléfono 982 137 615

Véndense

-Coche FORD Mondeo turbo diesel, matrícula C-BK.
-Tractor JOHN DEERE 818.
-1 Quad de 2'5, con 400 quilómetros, seminovo.
Preguntar por Quico no teléfono 610 737 315

Véndense

-Ocas.
-Muíño eléctrico e de tractor.
-Coche Nissan Almera DDI Turbo Diesel, 110 CV, 16 v. 5 anos e en bo estado. Bo prezo.
-Coche Renault Megane Turbo Diesel 90 CV. Con 9 anos e en bo estado. Bo prezo.
-Mobiliario de habitación: cama de 1'20, coqueta, 2 mesías e 1 lámpada. Con dous anos, de madeira de faia e en bo estado.
Chamar aos números de teléfono 646 307 320 e 981 774 561

Véndese

-Rotativa DEUTZ FARH de 1'90 de corte.
-Tanque de leite JAPY de 1.200 litros e de expansión directa.
Chamar ao 619 255 136, pola mañá.

Véndese

Nave en Coirós: 1.200 m², 2 plantas, valada, con corrente eléctrica, 3 pozos de auga, non apta para gandería, apta para o cultivo de flor. En bo estado.
Chamar ao 696 831 373

Véndese

Bicicleta de carreiras BH Iseran, en bo estado.
Preguntar por Marcelino no teléfono 981 690 499

Véndense

-2 tanques de frío de 250 e 100 litros.
-1 motor de muidora WESTFALIA
-1 xovenca de dous anos próxima ao parto.
Chamar aos números de teléfono 981 790 331 e 679 462 072

Véndense

-Cultivador de 11 brazos.
-Abonadora VICON.
Chamar ao 628 071 424

Véndese

Ordenador de 2 MG en bo estado. En Abadín (Lugo)
Preguntar por Manolo no teléfono 616 060 146

Véndese

Peugeot 206 diesel, por ampliación de familia. En bo estado.
Prezo: 5.000 euros.
Chamar aos números de teléfono 619 348 426 e 981 805 002

Véndese

Herba seca en rulos.
Chamar ao 981 681 103

Véndese

Cisterna de 3.000 litros. En bo estado.
Chamar ao 609 733 289

Véndese

-Tanque de frío de 1.250 litros, de dous muidos.
-Circuíto de 4 puntos, con bomba de 900 litros e unidade final de 60 litros. Trifásico.
Chamar ao 690 227 628

Véndese

Rolos de herba seca en Santa Cristina, Cospeito (Lugo).
Chamar ao 982 505 755

Véndese

Desensiladora VICON.
Chamar aos números de teléfono 982 164 075 ou 699 054 057

Véndese

Cabras de cabritos.
Chamar ao 986 684 111

Véndese

Bañeira de frío de 630 litros.
Chamar ao 699 185 077

Véndese

Colleita de millo a bo prezo.
Chamar aos números de teléfono 982 187 949 ou 630 692 366

Véndese

Casa de pedra con finca de 2 hectáreas en Pino (Cospeito).
Preguntar por Isolina no teléfono 687 152 226

Véndese

-Soldadura trifásica SAETA.
-Tronzadora de ferro trifásica CUTING
-Compresor PUSKA de 80 litros.
-Forxa e zafra.
-Esmeril trifásico LIGUR.
-Limadora trifásica RILE.
Chamar ao 982 401 814

Véndese

Renault 4, coa ITV acabada de pasar, a bo prezo.
Chamar ao 982 167 450

Véndese

Prensa manual para facer queixos. En bo estado.
Chamar ao 609 773 289

Véndense

-Ocas.
-Unha segadora con remolque incorporado.
Chamar aos números de teléfono 646 307 320 ou 981 774 561

Véndense

-Batedor de zurro, 4 lamias (coas cubertas de coche) marca MOMO, e 4 rodas novas de lamia 15.
-Viño de colleita propia, da zona de Paradela.
Preguntar por Ovidio no teléfono 610 258 060

Véndese

Lavadora para circuíto de muido.
Chamar ao 629 308 667

Véndense

2 poldras, 1 besta, e un cabalo castrado de traballo.
Preguntar por Antonio no teléfono 982 187 272

Véndese

Autocargador seminovo, todo galvanizado.
Chamar ao 981 788 221

Véndese

Autocargador marca JB. Anchura máxima 18 metros. Capacidade de 18 m³. Na Limia (Ourense). Prezo: 1.500 euros.
Chamar ao 676 388 985

Véndese

Tanque de leite de 200 litros, marca ALFA LAVAL.
Chamar ao 986 578 364

Véndense

Porcos de raza Celta, na zona de Betanzos.
Chamar ao 629 140 085

Véndese

Colleitadora de cereal marca DEUTZ FAHR 4065. Corte de 5-5'5 metros. Prezo: 39.065 euros (6.500.000 pesetas). Na bisbarra da Limia (Ourense).
Chamar ao 666 804 306



anúnciese!!

COMPRAS

Mércase

Cisterna de 1.000 ou 1.500 litros.
Chamar aos números de teléfono 986 665 353 ou 605 254 669

Mércase

Depósito de aceiro inoxidable, apto para fermentación, de 500 a 1.000 litros.
Chamar ao 658 479 254

Mércase

Fresa de 2'30 metros.
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

Mércase

Clasificadora de ovos antiga. Urxente.
Chamar ao 630 640 136

Mércanse

-Desbrozadora de 1'5 metros de ancho.
-Autocargador rotativo.
Preguntar por Antonio no teléfono 680 385 068

Mércanse

Conxelador e neveira.
Chamar ao 881 060 123

Mércanse

Cornadizas (unhas 20 unidades).
Chamar aos números de teléfono 982 164 075 e 699 054 057

OUTROS

Búscase

Operario para traballar en explotación.
Chamar ao 653 781 267

Búscase

Terreo de máis de 5.000 metros, con construcións ou non.
Chamar ao 619 075 640

Ofrecense

Para facer traballos de recollida e transporte de millo e herba. Na zona de Sobrado, Curtis e Vilasantar. O traballo farase por orde de contratación.
Chamar pola noite e preguntar por Xosé Antonio nos teléfonos 636 615 838 e 981 787 579

Búscase

Comunal en arrendamento para explotación de cabrún no sur de Galiza.
Preguntar por Manuel Pérez no 650 877 068

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Manuel da Cal, responsábel de montes do SLG e voceiro da Asociación Frouma

Manuel da Cal divide parte do seu traballo entre a responsabilidade de levar a área de montes no Sindicato Labrego Galego, por unha banda; e a Asociación Frouma, coa que se tenta servir de apoio a eses labregos e labregas que comparten os labores propios do agro con outros no eido forestal. Sen dúbida, unha das persoas máis autorizadas para falar da traxedia que viviu Galiza este verán cunha das peores vagas de lume que se recordan e que, por primeira vez, atacou directamente ás áreas máis poboadas e urbanas do noso país.

“Hai lume porque sufrimos un grave problema de despoboamento no rural”

■ Que aconteceu para que Galiza ardese máis este ano ca outros?

As cifras sobre a extensión do lume tiveron o seu pico máis grande en 1989, con 180.000 hectáreas. A partir de aí, foron baixando, pero con superficies que, algúns anos, roldaron as 50.000. Ademais, o goberno Partido Popular seguiu uns métodos nada estritos á hora de medir superficies queimadas; por exemplo, denominaba "conato" a todo incendio de menos dunha hectárea, e non o contabilizaba. Polo tanto, se calculásemos ben a superficie arrasada doutros anos de seguro que, moitas veces, se achegaría ás 77.000 do 2006.

Daquela, o problema non é a maior ou menor superficie queimada, senón que este ano se deron circunstancias distintas, sobre todo na localización dos lumes, ardeno nas zonas máis poboadas de Galiza: toda a franxa atlántica, dende a Costa da Morte ata o Miño, pasando polo Barbanza, o Salnés e O Morrazo. Para min, quen queimou o monte pretendía crear unha grande alarma social para demostrar que o novo Goberno é ineficaz na loita contra o lume.

■ Semella que o lume é un mal endémico do noso país.

Iso é un tópico. Non se poden comparar os anos setenta e oitenta, que podían ser desa cultura do lume, cos lumes de hoxe. Hai trinta anos, nas serras de Ourense utilizábase o lume para rexenerar pastos; non eran lumes destrutivos, aínda que fose unha técnica cultural discutíbel. Houbo, en certos momentos, lumes destrutores como contestación á política forestal do franquismo, que se apropiaba de montes veciñais e privados para plantar masas de piñeiro.

Nembargante, o lume de agora, deixando este ano aparte por ser especial, existe porque padecemos un grave problema de de-

spoboamento. Así, cando alguén lle planta lume intencionadamente, ou cando se produce por desleixo, as lapas esténdense ao longo de moitas hectáreas porque non hai quen as combata.

■ Que habería que facer para que isto non se volvea repetir?

Eu creo que hai que cambiar as políticas agrogandeira e forestal, o cal é moi difícil, pois a tendencia no mundo occidental é a de ir cara á desaparición do rural. A prevención, ao final, debe consistir nunhas políticas agrogandeira e forestal novas. Deberíamos deter a desaparición de explotacións, tentar incorporar nova xente ás actividades agrogandeiras e, mesmo, repoboar algunhas zonas do país, o cal é moi difícil. E é que, se non hai xente, non hai quen combata o lume. As técnicas de prevención poden ser moitas, pero todas pasan por revitalizar o agro.



Para Manuel da Cal e para o SLG, cómpre dar unha viraxe as políticas agrarias e gandeiras para rematar coa lacra do lume

“Algunhas cuadrillas obstruíron o labor de extinción dos incendios”

■ Como valora o traballo realizado pola Dirección Xeral de Montes, por unha banda; e polas cuadrillas de extinción, por outra?

Supoño que o labor da dirección xeral de Montes tivo que ser moi difícil: se tes trescentos incendios nun só día, e o meirande ao redor das casas, ten que ser moi complexo xestionalo, e supoño que quen o fixo tivo que pasalo moi mal.

En canto ás cuadrillas, nalgúns casos obstruíron a extinción de lumes. Obstrucionismo no senso de non deixar participar á veciñanza; ou de seguir técnicas inaxeitadas para apagar as lapas, como deixar que ardese o monte ata que chegar a un cortalumes cando, segundo testemuñas, se podía atallar moito antes.

Eu creo que houbo unha interpretación sibilina da orde da dirección xeral de Montes de non correr riscos, polo que vai ser moi difícil demostrar as intencións obstrucionistas, xa que as cuadrillas poderán alegar que recibiron ordes de non pór en perigo vidas. Agardamos que, polo menos, se investiguen os casos concretos denunciados e se actúe sobre eles.

■ Que intereses pensa que pode haber detrás desta actitude destas cuadrillas?

Podemos especular, pero ao final non se sabe. O que é innegábel é que hai unha industria do lume. O ano pasado, o lume moveu 73.000 millóns de euros. É moitísimo diñeiro. Helicópteros e hidroavións, pilotos para manexalos, o soldo das cuadrillas e as horas extras cando hai lume, etcétera. Todo iso custa moitos cartos. Ao moverse tanto diñeiro, hai moitos intereses creados, o que pode dar lugar a situacións estrañas.

Agardemos que haxa un cambio na política de extinción, que só se poden dar a medio ou longo prazo. Habería que primar un modelo que permita a participación cidadá, sen esquecer os profesionais. Neste intre, a loita contra o lume podería comezar a traballar directamente coas comunidades de montes. Máis difícil será actuar nas propiedades privadas, porque hai que poñer de acordo a moita xente pero, dende logo, onde haxa persoas dispostas a traballar e a botar unha man, deberían crearse canles para facilitar esa participación.

“O SLG pediulle á Xunta indemnizar o lucro cesante das explotacións afectadas”

■ Cal foi a actuación do Sindicato Labrego durante esta crise?

Unha liña de acción foi a dos propios labregos e labregas que participaron nos labores de extinción. A posteriori, tamén se fixeron xuntanzas nas zonas afectadas para dar a coñecer as axudas aprobadas para facer fronte ás perdas do lume. Outro dos eidos nos que se traballou foi en encontros coa afiliación para valorar a situación; de aí naceu un documento onde expresamos a nosa valoración e propostas sobre os incendios. O SLG tamén participou directamente na Mesa da Madeira, da que xurdiu un principio de acordo para a venda da madeira queimada.

■ Como afectou o lume á actividade agropecuaria?

Houbo danos na maquinaria agrícola que se utilizou nos labores de extinción. En Terra de Montes, Pontevedra, afectou ás superficies forraxeiras, con explotacións que perderon toda a alimentación para o gando. A maiores, o lume tamén estragou plantacións de viño e levouse por diante moitas cabezas de gando criado ceibe nos montes.

■ Pensa que as axudas que se habilitaron cobren ben eses danos?

Verémolo cando se executen. En principio, só cobren os danos entre o 4 e o 14 de agosto, cando hai xente que sufriu perdas antes e despois desas datas.

Por outra banda, o SLG tamén lle pediu á Xunta que indemne o lucro cesante das explotacións afectadas polo lume, é dicir, os cartos que se deixan de gañar por mor do que destruíron as lapas.